



ORGANIZACIÓN INICIO DE CURSO 2024-25

Data **inicio** curso 2024-25: **mércores 11 de setembro de 2024.**

Horario de entrada:

1. Para o **alumnado de 1ºEP**, á chegada ao CPI será ás **11:00**. O alumnado virá acompañado das súas familias. Trala asignación de titor-a o alumnado de 1º será dirixido á súa aula, e a continuación **farase unha reunión coas familias** co obxectivo de coñecer os aspectos máis importantes do funcionamento do centro.
2. O **horario de entrada** para o resto de cursos será o habitual, ás **09:15**.
 - a. Educación primaria: O alumnado agardará no patio cuberto, onde se lle asignará titor ou titora.
 - b. ESO: O alumnado agardará nas gradas do polideportivo, onde se lle asignará titor ou titora.
3. **Haberá servizo de comedor** escolar organizado en dúas quendas:
 - a. Quenda de EP: de 14:15 até 15:00.
 - b. Quenda de ESO: de 15:00 até 15:45.
 - c. O persoal colaborador do comedor fai tarefas de vixilancia no patio mentres o alumnado agarda a súa quenda.
4. **A xornada lectiva será completa.** Sairase das aulas ás **14:15 en EP e ás 14:35 para ESO.**
5. O primeiro día o alumnado precisará do equipamento básico. Libreta-axenda, bolígrafo, lápiz, goma.
6. **Transporte escolar** despois do servizo de comedor á **15:45** horas.
7. O centro ofrece o servizo do **Plan Madruga**. Dito servizo está **xestionado pola ANPA A Capela**. Para máis info (horario, prezo, prazas....) contacte coa ANPA no 686 76 51 54.
8. **Organización horaria do CPI:**
 - a. Horario lectivo EP: de 09:15 até 14:15. Recreo dende as 11:37 até as 12:07.
 - b. Horario lectivo ESO:
 - i. Luns: de 09:15 até 14:35, e de 16:30 até 18:10. Recreo dende as 11:42 até as 12:07.
 - ii. De martes a venres: de 09:15 até 14:35. Recreo dende as 11:42 até as 12:07.
9. **Organización do transporte escolar:** O transporte na viaxe de regreso é conxunta para EP e ESO ás 15:45, a excepción dos luns:
 - a. Transporte para EP á saída da primeira quenda de comedor ás 15:00.
 - b. As rutas de San Amedio e a do Busto/Cuchín (Armenteira) non están dispoñibles no regreso do luns para EP. Terán que empregar a ruta alternativa máis convinte ou ser recollidos por familiares á saída do comedor.
 - c. Transporte para ESO á saída das sesións lectivas da tarde ás 18:10.
 - d. [Consulte as rutas aquí.](#)
10. O centro pon a súa disposición **casilleiros** para o alumnado a partir de 5º de EP até 4º da ESO en **régime de aluguer por un importe de 3 euros** polo curso completo.